

Ref.: AS1802

RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE DECEMBRO DE 2018, POLA QUE SE CONVOCA O 2º CONCURSO PÚBLICO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO ASOCIADO. CURSO ACADÉMICO 2018-2019.

A Universidade de Vigo resolveu convocar concurso público polo procedemento de urxencia para cubrir as necesidades docentes existentes mediante a contratación en réxime laboral de **profesorado asociado** nas áreas que se relacionan no anexo II.

Este concurso rexerase polo disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (en adiante LOU), modificada pola Lei orgánica 4/2007 de 12 de abril, polo Decreto 266/2002, do 6 de setembro, da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario, polo II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, polos Estatutos da Universidade de Vigo, e polo acordo do Consello de Goberno do 10 de maio de 2011 (modificado por acordo do 21 e 22 de marzo de 2013), en tanto non se opoñan ao establecido na LOU, e desenvolverase de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Requisitos de participación.

1. Todos os requisitos deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de formalización dos contratos. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao devandito prazo e de estar redactados en idiomas distintos do galego ou do castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

De acordo cos artigos 56 e 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o artigo 53 da LOU e demais normativa de aplicación, as persoas que desexen participar no presente concurso deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Unión Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, das persoas con nacionalidade española e de quen sexa nacional doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevea nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter superado os sesenta e cinco.

c) Estar en posesión do nivel de titulación esixido, como mínimo, en cada unha das prazas que figuran no anexo II. No caso de títulos obtidos no estranxeiro deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade.

d) Non ter sido separadas do servizo, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitadas para o exercicio das funcións públicas. Quen sexa aspirante de nacionalidade distinta á española deberá acreditar non estar baixo sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso a función pública.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións docentes.

f) Estar exercendo actualmente unha **actividade profesional remunerada fóra do ámbito académico universitario**. Este requisito deberá manterse, no seu caso, durante o tempo de vixencia do contrato.

g) Ter unha **experiencia profesional fóra do ámbito académico universitario** durante un período mínimo de **dous anos ao longo dos cinco últimos** anteriores á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Esta experiencia profesional deberá ser posterior a data de expedición do título académico esixido na praza correspondente. Non se considerarán como experiencia profesional a estes efectos, os servizos prestados en **programas predoutorais** ou **postdoutorais**.

2. Os dereitos de exame para cada praza (referencia) serán de **41,56 euros**. A liquidación de taxas realizarase a través da aplicación web da Universidade de Vigo habilitada para a participación no concurso de acceso. **Poderá aboarse o importe correspondente no período indicada na folia de liquidación, ben en efectivo ou con tarxeta.**

En efectivo farase nalgunha das entidades bancarias colaboradoras coa Universidade de Vigo: Abanca, Banco Santander ou CaixaBank. Con tarxeta realizarase a través da aplicación informática que permitirá seleccionar esta opción, sendo preciso seguir con atención o proceso ata súa finalización, comprobando co pago foi feito correctamente.

Segundo o disposto no artigo 23 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Aplicarase unha bonificación do 50% na taxa de inscrición aos membros de familias numerosas de categoría xeral. **Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.**

De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo a persoa interesada solicitar a devolución e achegar os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión definitiva por causa imputable a persoa interesada.

A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de Instancias non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pago ou a exención do pagamento da citada taxa.

Segunda. Solicitude telemática.

1. A solicitude de participación farase cumprimentando o formulario integrado na aplicación web da Universidade de Vigo. Para presentar a solicitude de participación, as persoas interesadas deberán cumprimentar o formulario web da solicitude que se atopa establecido especificamente para a praza e corpo correspondente, dispoñible no enlace <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> seleccionando "emprego" e logo "concursos de profesorado", **no prazo de dez días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia.** Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado o primeiro día hábil seguinte.

2. Durante o proceso de inscrición descrito anteriormente, achegarse nun **ficheiro PDF** os seguintes documentos, sendo causa de exclusión a falta dalgún deles:

- a) Copia simple do documento acreditativo da identidade (DNI ou NIE).
- b) Copia simple do título académico esixido en cada praza, ou da certificación de expedición do título, ou de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación.
- c) Para acreditar os **requisitos** que se indican na **base 1.1.**, letras **(f)** e **(g)**, presentarase:
 - **Traballos por conta allea:** certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - **Traballos por conta propia:** certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da seguridade social, deberase presentar **certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.**

Terceira. Presentación de documentación.

1. Unha vez cumprimentada e validada a solicitude a través da aplicación web, a mesma deberá ser impresa, asinada e presentada, coa documentación que se indica no seguinte apartado, no Rexistro xeral (Reitoría, Campus universitario, 36310-Vigo) ou nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra, Campus de Ourense e r/ Torrecedeira, nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes remitidas a través dunha oficina de Correos presentaranse en sobre aberto para que o persoal de Correos lle estampe a data de presentación na solicitude antes de ser certificada. O enderezo postal será o seguinte:

Rexistro Xeral da Universidade de Vigo
Edificio Xerencia-Servizos Centrais
Campus Lagoas-Marcosende, s/n
(36310) Vigo – PONTEVEDRA

As solicitudes remitidas dende o estranxeiro deberán cursarse a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, debendo figurar igualmente a data da súa presentación na solicitude. Neste caso, a presentación da solicitude comunicarse por correo electrónico á conta consultapdi@uvigo.es, enviando copia da mesma despois de tela presentado.

2. Achegarase **xunto coa solicitude** a seguinte documentación:

a) **Curriculum vitae** detallado de acordo co modelo que figura no anexo III, **o cal será refrendado en cada páxina coa sinatura da persoa concursante**. Non serán valorados méritos que non estean detallados en dito modelo de curriculum vitae.

b) Un **CD-ROM** que, seguindo o establecido no **anexo V**, conteña:

- O Currículum vitae dixitalizado (modelo Anexo III).
- Os documentos e publicacións que acrediten todos os méritos alegados, incluído o coñecemento da lingua galega. Todos estes documentos deberán ser dixitalizados en formato PDF e presentaranse **só en soporte informático nun CD-ROM** no que se indicará a referencia da praza, nome, apelidos e DNI da persoa interesada.

Cada mérito que se alegue no modelo de curriculum vitae será xustificado mediante un documento dixital en formato PDF que será nomeado no CD-ROM seguindo os criterios e a orde establecida no **anexo V: Forma de xustificación e presentación dos méritos**.

Queda baixo a responsabilidade da persoa concursante verificar que os ficheiros están gravados correctamente no CD-ROM. No caso de que o CD-ROM non estea gravado (en branco) a Comisión Específica de Área (en adiante CEA) non valorará os méritos alegados.

- O proxecto docente cunha extensión máxima de 15 páxinas, que versará sobre **a materia indicada pola comisión específica de área nos criterios específicos (anexo IV)**. Se non foi indicada, o proxecto versará sobre unha das materias que aparecen no perfil da praza no anexo II.

c) Xustificante, no seu caso, da exención parcial ou total de taxas.

Todos os méritos alegados deberán posuírse con referencia á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo.

Cuarta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

1. No prazo máximo de 15 días hábiles dende o remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase nos lugares indicados na base 10.2. a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación dos motivos de exclusión. Quen presentase a súa candidatura disporá dun prazo de **cinco días hábiles para a subsanación das causas de exclusión indicadas**, de conformidade co disposto nas bases 1 a 3.

2. Posteriormente ditarase unha resolución reitoral aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas. As reclamacións presentadas contra a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Quinta. Valoración dos méritos.

1. Os méritos serán valorados pola Comisión Específica de Área designada polo respectivo consello de departamento, segundo se relaciona para cada praza no anexo IV, composta por cinco docentes da mesma área de coñecemento ou de áreas afíns á que está adscrita a praza, e con titulación, categoría e adicación igual ou superior á dita praza. A CEA someterase na súa actuación ao previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En base ao previsto no artigo 26 do II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador, poderá asistir á comisión, con voz e sen voto, unha persoa proposta pola representación das traballadoras e dos traballadores.

2. A Comisión poderá actuar coa participación, cando menos, de tres membros (con voz e voto), requiríndose sempre a presenza da persoa que a presida e de quen ocupe a secretaría ou, de ser o caso, das persoas que as substitúan. En caso de ausencia de quen exerza a presidencia será substituída polo/a membro da comisión de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde.

3. O baremo para a cualificación de méritos será o establecido no anexo I.

4. Os criterios de valoración de méritos, que poderán matizar ou cuantificar o baremo con maior detalle, son os que figuran no anexo IV. De existir calquera incompatibilidade entre os criterios de valoración da CEA e o baremo do anexo I, ou se os criterios non foron establecidos, prevalecerá o baremo sobre os criterios.

5. Recibida a documentación das persoas aspirantes admitidas, a CEA disporá dun prazo de dez días naturais para avaliar os méritos e propor a adxudicación da praza. De estimalo necesario, poderá acordar a realización de entrevistas. A Comisión adoptará os seus acordos por maioría de membros presentes e no caso de empate decidirá o voto de quen exerza a presidencia.

6. A CEA valorará exclusivamente os méritos alegados no curriculum vitae e xustificados do xeito que establece a base 3. A puntuación de cada mérito quedará reflectida nos apartados sombreados de dito modelo. Non se valorarán os méritos que non figuren no curriculum vitae.

7. Avaliados os méritos das persoas candidatas a comisión adoptará un acordo que constará de:

a) Puntuacións detalladas de todas as persoas candidatas en cada un dos apartados e subapartados do baremo.

b) Relación de todas as persoas candidatas ordenadas pola puntuación total.

c) Proposta de provisión da praza por orde de prelación, indicando as persoas que se consideran idóneas para ser contratadas.

A Comisión poderá acordar a non provisión da praza, motivando esta decisión.

8. A expresión da **puntuación total** e o seu **desglose** para cada apartado servirán de motivación á proposta de adxudicación. Esta proposta, xunto coa documentación de cada concursante, enviarase ao Servizo de Persoal Docente e Investigador.

9. Coas persoas candidatas que figuren na proposta de provisión constituirase unha lista de agarda, conforme aos criterios establecidos no Acordo do Consello de Goberno do 10 de maio de 2011, relativo á normativa de substitución.

10. De producírense demoras inxustificadas na tramitación do concurso dunha praza imputables á Comisión Específica de Área das que se poidan derivar non só responsabilidades por deficiente funcionamento, senón tamén claros prexuízos para a docencia e a atención ao alumnado, así apreciados pola Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado, esta poderá solicitar do Reitor a designación dunha Comisión de persoas expertas que relevará das súas actuacións á Comisión Específica de Área e acordará unha nova proposta de adxudicación.

Sexta. Resolución do concurso.

1. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado resolverá o concurso mediante os acordos de adxudicación das prazas que se publicarán nos lugares previstos na base 10.2.

2. O Servizo de Persoal Docente e Investigador convocará á persoa candidata segundo a orde de prelación para que aporte copia compulsada (ou copia simple acompañada dos respectivos orixinais para o seu cotexo) daqueles documentos que avalen o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, así como a documentación necesaria para formalizar o contrato.

De non persoarse na data indicada para a formalización do contrato sen mediar causa suficiente así apreciada pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación que figure na proposta. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible.

Sétima. Reclamacións.

1. Contra os acordos de adxudicación, as persoas candidatas admitidas **poderán acceder á vista do expediente e interpoñer reclamación** ante a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado no prazo de **cinco días hábiles** a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. **En calquera caso, as persoas interesadas poderán acceder o expediente de conformidade cos artigos 13 e 53 da Lei 39/2015.** O acordo da citada Comisión será vinculante para o Reitor, que ditará a correspondente resolución, esgotando a vía administrativa e que será notificada ás persoas que reclamen.

2. Non obstante, de presentarse algunha reclamación, e en tanto non se resolva, poderase contratar á persoa candidata proposta incluíndo no contrato unha **cláusula extintiva** condicionada á resolución da reclamación. En todo caso, o contrato non poderá ter unha duración superior a data de finalización do curso académico para o que se produce a contratación.

Resolta definitivamente a reclamación, de confirmarse a candidatura proposta, o contrato continuará a súa vixencia; en caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día anterior á data de incorporación da nova persoa proposta, sen que neste caso, o contrato poda ter efectos anteriores á data da súa sinatura.

3. Recibidas e publicadas todas as propostas de adxudicación das comisións específicas de área e rematado o prazo para a presentación de reclamacións, publicarase o anuncio de prazas reclamadas.

Oitava. Contratación e obrigas.

1. O contrato será de natureza laboral a tempo parcial cunha duración que en **ningún caso será superior ao curso académico 2018-2019**, agás que no anexo II se precise outra distinta ou que a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado o estableza en función das particularidades de cada caso. Os contratos que se formalicen en virtude desta convocatoria terán as remuneracións que se sinalan no II Convenio colectivo do PDI.

2. A prestación de servizos, e polo tanto o devengo das retribucións asignadas ao posto obtido, se iniciará na data en que se asinen os contratos, agás que neles se dispoña outra cousa, sen que en ningún caso poidan ter efectos retroactivos.

3. O período de proba será de seis meses e considerarase que se supera sempre que non conste obxección contraria dentro dese prazo.

4. As especificacións que constan no anexo II non suporán para quen teña adxudicada a praza vencellamento exclusivo a esa actividade docente, nin limitará a competencia da Universidade de Vigo para asignarlle outras obrigas docentes e/ou investigadoras.

5. Consonte o previsto no Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, os contratos estarán suxeitos á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e disposicións que a desenvolven.

Novena. Devolución de documentación.

1. As persoas participantes poderán solicitar a devolución da súa documentación no prazo dun mes desde que se publique o anuncio de prazas reclamadas que establece a base 7.3. A solicitude de devolución, dirixida ao Servizo de Persoal docente e investigador, presentárase por escrito conforme ao establecido na base 3.1.

2. As persoas que solicitaran a devolución da súa documentación a deberán retirar exclusivamente no Servizo de Persoal docente e investigador dentro do prazo de dous meses a contar desde a publicación do anuncio de prazas reclamadas ou, no caso de que a praza fose reclamada, desde que a resolución impugnada adquira firmeza.

3. A documentación que non fose retirada nos prazos indicados será destruída.

Décima. Norma derradeira.

1. A convocatoria, as súas bases e cantos actos se deriven da mesma e das actuacións das comisións poderán ser impugnadas polas persoas interesadas no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015.

2. A publicación dos actos que integran este procedemento no taboleiro de anuncios do Edificio de Xerencia-Servizos Centrais servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto no artigo 45.1 da Lei 39/2015.

Con independencia dos lugares nos que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integran este proceso selectivo se publicarán a título divulgativo na páxina electrónica da Universidade de Vigo, no seguinte enderezo <http://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index> seleccionando "emprego" e logo "concursos de profesorado".

3. A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano ao que compete resolver, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese xeral ou a terceiras persoas a suspensión e o prexuízo que causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a pedimento deste, a súa execución consonte ao legalmente establecido.

4. De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), os datos indicados na solicitude pasarán a formar parte do ficheiro de persoal, creado mediante a Resolución reitoral do 9 de febreiro de 2009 (DOG do 6 e 12 de marzo, e do 16 de xuño), que ten por finalidade a xestión do persoal da Universidade de Vigo. O ficheiro está baixo a responsabilidade da Xerencia. Coa súa participación neste proceso selectivo as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste procedemento de concorrencia competitiva. Así mesmo, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, en cumprimento do que establece a LOPD, ante a Secretaría Xeral da Universidade de Vigo (Campus Lagoas-Marcosende, 36310-Vigo).

5. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015.

Vigo, 3 de decembro de 2018
O Reitor,
P.D. (R.R. do 8 de xuño de 2018, DOG do 12)
O Vicerreitor de Ordenación
Académica e Profesorado



Manuel Ramos Cabrer

PROFESOR/A ASOCIADO/A T3: CÓDIGO DO CONCURSO: AS1802

Praza nº 1

Referencia:	AS1802-T02-535-A3-P5-01
Nº de prazas:	1
Corpo/Categoría:	Profesor/a asociado/a T3
Área de coñecemento:	Enxeñaría eléctrica
Departamento:	Enxeñaría eléctrica
Titulación:	Licenciado/Enxeñeiro/Arquitecto/Graduado
Centro de traballo:	309 Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (Campus de Vigo)
Dedicación:	Tempo parcial de 5 horas
Duración contrato:	2º semestre
Perfil/Docencia:	[Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía] (Campus de Vigo): G290604 Instalacións de enerxías renovables

Praza nº 2

Referencia:	AS1802-T15-570-A3-P6-01
Nº de prazas:	1
Corpo/Categoría:	Profesor/a asociado/a T3
Área de coñecemento:	Linguaxes e sistemas informáticos
Departamento:	Informática
Titulación:	Diplomado/Enxeñeiro Técnico/Arquitecto Técnico
Centro de traballo:	106 E. S. de Enxeñaría Informática (Campus de Ourense)
Dedicación:	Tempo parcial de 6 horas
Duración contrato:	2º semestre
Perfil/Docencia:	[E. S. de Enxeñaría Informática] (Campus de Ourense): G150405 Sistemas operativos II

Praza nº 3

Referencia:	AS1802-X11-375-A3-P4-01
Nº de prazas:	1
Corpo/Categoría:	Profesor/a asociado/a T3
Área de coñecemento:	Filosofía
Departamento:	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía
Titulación:	Licenciado/Enxeñeiro/Arquitecto/Graduado
Centro de traballo:	202 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra)
Dedicación:	Tempo parcial de 4 horas
Duración contrato:	2º semestre
Perfil/Docencia:	[Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte] (Campus de Pontevedra): G110401 Antropoloxía: Pensamento e cultura

Praza nº 4

Referencia:	AS1802-X11-375-A3-P5-02
Nº de prazas:	1
Corpo/Categoría:	Profesor/a asociado/a T3
Área de coñecemento:	Filosofía
Departamento:	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía
Titulación:	Licenciado/Enxeñeiro/Arquitecto/Graduado
Centro de traballo:	202 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra)
Dedicación:	Tempo parcial de 5 horas
Duración contrato:	2º semestre
Perfil/Docencia:	[Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte] (Campus de Pontevedra): G110401 Antropoloxía: Pensamento e cultura

Praza nº 5

Referencia:	AS1802-X13-150-A3-P3-01
Nº de prazas:	1
Corpo/Categoría:	Profesor/a asociado/a T3
Área de coñecemento:	Dereito financeiro e tributario
Departamento:	Dereito público especial
Titulación:	Licenciado/Enxeñeiro/Arquitecto/Graduado
Centro de traballo:	103 Facultade de Dereito (Campus de Ourense)
Dedicación:	Tempo parcial de 3 horas
Duración contrato:	2º semestre
Perfil/Docencia:	[Facultade de Dereito] (Campus de Ourense): G081603 Dereito financeiro e tributario I G081914 Dereito tributario da Unión Europea e internacional